

As negociacións do XII convenio colectivo estatal de infantil mudan a dinámica de traballo

As patronais propoñen unha nova dinámica de negociación adiando para o final os temas máis conflictivos, dándolle prioridade á actualización do convenio á normativa e lexislación vixentes a través dunha Comisión Técnica nomeada pola mesa de negociación.

Comeza a reunión o banco patronal manifestando que as posturas ou posicións das dúas partes están demasiado alonxadas e dan a visión de ter puntos moi extremos, polo que propoñen a opción de atopar unha nova estratexia que permita chegar a un consenso. Esta dinámica de ir artigo a artigo non resulta e quizais deberíamos explorar novos mecanismos de traballo.

As OO.SS mostramos o noso acordo nesta visión formulada pola patronal, pero débese aos constantes titubeos pola súa parte e a mesturar distintos temas nas negociacións de cada artigo, ademais de amosar un inmovilismo interesado e de instalarse no “non a todo” e así é imposible avanzar. Desde a CIG-Ensino preguntamos se estaban dispostos a negociar na mellora do convenio ou pretendían mantelo ou incluso empeoralo. Nós non queremos perder o tempo nesta postura involucionista e as demais OO.SS entendemos que tampouco. Deben poñer as súas cartas enriba da mesa e facer unha proposta global do convenio e amosárnola, como fixemos a parte social.

Tras un receso, para falarmos as partes e ver como podemos reformular as negociacións, en aras de avanzar nas mesmas, acordamos comezar polo que pode ser máis doado que é a **actualización do texto do convenio á lexislación e normativa vixente** e deixar o resto de puntos ou temas que nos separan para máis adiante (xornada, vacacións, permisos, salarios...) Deste xeito teríamos unha idea dos cambios a ter que afrontar no convenio para logo poder ver mellor as posibilidades de achegar

INFORMACIÓN DA 6ª MESA DE NEGOCIACIÓN. 10 DE MAIO



posturas no que agora nos atranca. En resposta á CIG dixéronnos que “unha proposta global suporía voltar ao comezo”. Desta forma decidiuse facer unha Comisión Técnica que revisará os seguintes artigos:

- **Artigo 5: Comisión Paritaria**
- **Artigo 16 ao 27: Contratacións.**
- **Artigo 28: Período de Proba.**
- **Artigo 30: Vacantes.**
- **Artigo 35: Conciliación da vida familiar e laboral.**
- **Artigo 42: Excedencia por coidado dun fillo.**
- **Artigo 46: Maternidade.**
- **Artigo 47: Lactancia.**
- **Artigo 48: Paternidade.**
- **Artigo 49: Lactancia.**
- **Artigo 63 a 67: Seguridade e saúde laboral.**
- **Artigo 83 e seguintes: Faltas e sancións.**

Esta Comisión Técnica (con avogados/as) constituirase na seguinte mesa de negociación, que será o **22 de maio, en ACADE**, na que se rematará a negociación da Clasificación Profesional (por petición expresa das OO.SS.) quedando a parte social de mandar as definicións de Coordinadora Pedagóxica, Mestra e Educadora Infantil (os temas pendentes de acordo neste artigo). Ademais marcouse a data para o traballo do articulado anterior na Comisión Técnica que será o 29 de maio, en ACADE.